



CIRCULAR nº 18

16 maio 2014

MODIFICACIÓN DA ORDE DO DÍA DA XUNTA XERAL EXTRAORDINARIA DO 19/06/2014

A Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, na súa sesión 7/2014 de 14 de maio, celebrada en Santiago de Compostela, ao tratar a celebración o vindeiro 19 de xullo dunha Xunta Xeral extraordinaria para someter a aprobación da modificación dos Estatutos colexiais, adoptou o seguinte ACORDO:

MODIFICAR A ORDE DO DÍA DA XUNTA XERAL EXTRAORDINARIA, A CELEBRAR O VINDEIRO XOVES 19 DE XUÑO, EN A CORUÑA, NUN LUGAR POR DETERMINAR, DE FORMA QUE OS PUNTOS A TRATAR SERÍAN OS SEGUINTES

PUNTO 1º: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO ART. 27, 29, 31 E 32 DOS ESTATUTOS COLEXIAIS, PERMITINDO A POSIBILIDADE DE PARTICIPAR NAS XUNTA XERAIS, TANTO NO DEBATE COMO NA VOTACIÓN, MEDIANTE CONEXIÓN TELEMÁTICA, CONFORME Á PROPOSTA DE TEXTO ARTICULADO.

PUNTO 2: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO ART. 32 DOS ESTATUTOS COLEXIAIS, NO RELATIVO ÁS MAIORÍAS NECESARIAS PARA A APROBACIÓN DE ACORDOS POLA XUNTA XERAL, ESTABLECENDO QUE PARA A APROBACIÓN DAS MODIFICACIÓNS DOS ESTATUTOS E DAS MOCIÓNS DE CENSURA SERÁ PRECISA UNHA MAIORÍA CUALIFICADA DE 3/5 DOS ASISTENTES E A PARTICIPACIÓN MÍNIMA DO 25% DOS COLEXIADOS CON DEREITO A VOTO, CONFORME Á PROPOSTA DE TEXTO ARTICULADO.

Remítese anexa a proposta de texto articulado de modificación dos Estatutos que se someterá a aprobación.

Por último, lémbrese que, como se indica no texto da convocatoria, a Xunta Xeral celebrarase nun lugar por determinar, que se indicará mediante unha nova circular á maior brevidade posible.

Achégase modelo de voto delegado para esta sesión.



PROPOSTA NOVA REDACCIÓN ESTATUTOS:

Artigo 27. A Xunta Xeral: definición.

A Xunta Xeral é o órgano supremo de expresión da vontade colexial e está composta pola totalidade dos Arquitectos colexiados que poderán asistir a ela con voz e voto, xa sexa presencialmente, a través de medios telemáticos ou por representación mediante a delegación do voto nos termos previstos nos presentes estatutos.

Artigo 29. Constitución da Xunta Xeral

1. A Xunta Xeral celebrarase no día e hora sinalados en primeira ou, se procede, segunda convocatoria.
2. Se a unha Xunta Xeral non asistira a metade máis un dos colexiados, ben presencialmente, a través de medios telemáticos ou por representación mediante a delegación do voto, celebrarase media hora máis tarde co número de colexiados que concorran.

Artigo 31º. Votacións

1. Tódolos colexiados non suspendidos nos seus dereitos terán voz e voto na Xunta Xeral cando asistan a ela. A asistencia poderá ser presencial, en remoto por vía telemática ou por representación mediante a delegación do voto nos termos previstos no apartado 3 deste artigo.
2. A asistencia e participación mediante conexión telemática axustarase ás esixencias técnicas que garantan a validez do voto, o seu control e o seu carácter secreto, nos casos nos que este sexa esixido.
3. Tódolos colexiados poderán delega-lo seu voto en calquera compañeiro igualmente colexiado que asista á Xunta xa sexa presencialmente ou mediante conexión telemática. A delegación de voto deberá facerse por escrito en modelo oficial e será comprobada e verificada pola Mesa antes das votacións; deberá consignar coa debida claridade se está feita para tódolos puntos do orde do día ou só para algún ou algúns de eles. Entenderase que o delegado recibiu facultades para votar segundo a súa vontade en relación con aquel ou aqueles puntos do orde do día que veñan comprendidos na delegación de voto, e teranse por nulas as delegacións que restrinxan ou condicionen esta liberdade. O máximo número de votos delegados nun mesmo colexiado será de dez.
4. As votacións serán públicas, a man alzada para os asistentes presenciais ou a través de conexión telemática mediante o procedemento de voto dixital. Cando o soliciten polo menos o dez por cento dos colexiados asistentes, a votación será nominal ou secreta. En todo caso será secreta a votación nas mocións de censura e cando a cuestión afecte á dignidade persoal ou profesional dalgún colexiado. A votación telemática axustarase ás esixencias técnicas que garantan a validez do voto, o seu control e o seu carácter secreto, nos casos nos que este sexa esixido.

Artigo 32º. Acordos

1. Os acordos serán aprobados, como norma xeral, por maioría dos votos emitidos, pero nos casos de modificacións destes estatutos e nas mocións de censura será precisa unha maioría cualificada do voto favorable das 3/5 partes dos asistentes xa sexan presenciais, mediante conexión telemática ou por representación mediante a delegación do voto, e a participación mínima do 25% dos colexiados con dereito a voto.



DELEGACIÓN DE VOTO

D./DONA _____,
Arquitecto/a colegiado/a nº _____ do Colexio, pertencente á Delegación de _____,
non podendo asistir persoalmente á Xunta Xeral extraordinaria do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, que se
celebrará o día **19 de xuño de 2014** en A Coruña,

DELEGO O MEU VOTO

En _____,
para que poda utilizar o mesmo conforme ao seu criterio

En todos os puntos da Orde do Día.

só para o seguinte / os seguintes puntos: _____

En _____, a ____ de _____ de 2014

Asdo.: _____

SR. SECRETARIO DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA



DELEGACIÓN DE VOTO

D./DÑA. _____,
Arquitecto/a colegiado/a nº _____ del Colexio, pertencente a la Delegación de _____,
no pudiendo asistir persoalmente a la Junta General extraordinaria del Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, que se
celebrará el día **19 de junio de 2014** en A Coruña,

DELEGO MI VOTO

En _____,
para que pueda utilizar el mismo conforme a su criterio

En todos los puntos del Orden del Día.

solo para el siguiente / los siguientes puntos: _____

En _____, a ____ de _____ de 2014

Fdo.: _____

SR. SECRETARIO DEL COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA